

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e un de outubro de dous mil dezaoto; as nove horas e cincoenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintecatro de outubro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 1633/2018 RIB / C/46.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Manuel Iglesias Blanco**, onde solicita Licenza de Obras para .Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras visado nº 1804251,2 de data 23.07.2018 e Anexo I visado nº 1804251,4 de data 26.09.2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa.

Consta Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras visado nº 1804251,2 de data 23.07.2018 e Anexo I visado nº 1804251,4 de data 26.09.2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 26 de outubro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 29 de outubro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a Don Manuel Iglesias Blanco, para .Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras visado nº 1804251,2 de data 23.07.2018 e Anexo I visado nº 1804251,4 de data 26.09.2018, redactado pola arquitecta dona María Cristina Sabariz Rúa, en Grande nº 34, referencia catastral 1647927NG814N0001ZS.

As obras contempladas no proxecto non inclúen un programa da vivenda, no caso de querer darlle uso de vivenda a dita construción deberá o promotor presentar proxecto de vivenda.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Contía na que se orzan as obras: 11.295,05 €

Situación e emprazamento das obras: Grande nº 34, San Cristovo,, Ribadavia..

Nome ou razón social do promotor: Don Manuel Iglesias Blanco.

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Directora de obra: *María Cristina Sabariz Rúa.*

LIQUIDACIÓN DO ICIO: *Considerando que con data de 6 de agosto de 2018 o interesado abonou en concepto de autoliquidación provisional 208,02 euros, e considerando que o orzamento de execución material é de 11295,05, xirase unha liquidación complementaria por importe de 111,648 euros.*

OUTRAS CONDICIONS.-

Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao concello.

Respecto da seguridade dos traballadores , adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da construción e demais normativa aplicable.

Asi mesmo tomaranse as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público . Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Se para a execución das obras é necesario ocupar vía pública o promotor deberá presentar o Anexo 3.Solicitud autorización de dominio público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO-

1.- Visto o escrito presentado por dona María Teresa Martínez Campos solicitando acometida de auga na rúa Ribeiro 64,1º-C , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 9-10-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL

1.- Visto o escrito presentado por dona María Míguez García solicitando acometida de auga en Rúa Carballiño 8, baixo Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 24-10-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de

auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

DEVOLUCION DE TAXA

Visto o escrito de **Dona Valeria Fernández Sánchez**, con domicilio na rúa Eduardo Chao nº 1, 1ºB, Ourense, no que solicita a renuncia a matrícula no Conservatorio de Música, especialidade Guitarra, por motivos pessoais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado. Que se proceda a devolver as taxas aboadas para o curso 2018-19. Que se dé traslado do presente acordo o interesado e os servicios de Intervención de Tesourería.

-Escrito de dona Pilar Regueiro Morgade, con rexistro de entrada no concello 5104 de 30 de outubro de 2018.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que as cuestións que se susciten dentro dunha propiedade ten que resolverse pola comunidade de propietarios, carecendo o concello de competencia para intervir en ellas.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

-Escrito da Subdelegación do Goberno de Ourense do seguinte teor literal:

En contestación a su escrito de fecha 24/09/2018, con entrada en el Registro General de la Subdelegación del Gobierno de Ourense el 25/09/2018, en el que se solicitaba a la Guardia Civil que asumiera el servicio de vigilancia de la seguridad nocturna del Ayuntamiento debido a que la plantilla de la Policía Local se encuentra sensiblemente mermada, con fecha 19/10/2018 la Guardia Civil contesta:

“ En contestación a su oficio sobre solicitud de informe-Expediente V016/2018 , en el que remitía escrito del alcalde de Ribadavia interesando que la Guardia Civil asuma el servicio de vigilancia nocturna de la seguridad debido a que la plantilla de la Policía Local de dicha localidad se encuentra sensiblemente mermada, le participo que no se llevará a cabo en toda su extensión, ya que el potencial de servicio normalmente no permite hacerlo de manera permanente sin dejar de prestar servicios en otras zonas de su núcleo operativo.

No obstante lo anterior, se dan instrucciones a la Unidad responsable para que tenga en cuenta dicha circunstancia a la hora de nombrar los servicios”

-Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade achegando copia do requerimento remitido ao Ceip Plurilingüe Ribadavia , con motivo da inspección realizada ao sistema de auga quente sanitaria do establecemento, en cumprimento do Programa de prevención e control da Lexionelose de Galicia.

Dase conta do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018, relativo á área de rexeneración e renovación urbana casco antigo de San Cristovo de Ribadavia (Ourense).Comunidade autónoma de Galicia. Plan estatal de vivenda 2018-2011.Anualidade 2018.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil comunicando en relación ao expediente de aproveitamento de 33,72 l/sg de auga a derivar do río Maquians e Miño en San Domingos de Fora e San Domingos , con destino a abastecemento do termo municipal de Ribadavia e polígono industrial que a confrontación sobre o terreo dos documentos técnicos do expediente prevista polo artigo 111 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico terá lugar o 20 de novembro de 2018 .

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de maio 2018, por importe de 2.033,60 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xuño 2018, por importe de 1.824 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

3.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xullo 2018, por importe de 2.653,60 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

A xunta de goberno acordo que namentres se leven a cabo as actuacións para a adecuación do polideportivo de Maquians os clubs deportivos que teñan asinado convenios co concello quedan exentos do aboamento da taxa polo aluguer do polideportivo O Consello cando a reserva se faga para domingos ou festivos.

XERACIÓN DE CRÉDITOS N°13/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos n°13/18, por importe de 29.179,15 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas da mañá, o ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE